

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS CULTURAI, DEPORTIVAS E VECIÑAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E CONVOCATORIA PARA O ANO 2026.

O Concello de Begonte, a través da presente convocatoria, tenta apoiar ás entidades e asociacións que traballan no eido cultural, deportivo e social, na realización de actividades, aos efectos de contribuír a que acaden os obxectivos para os que foron creadas e fomentala participación dos veciños e veciñas, contribuíndo deste xeito a impulsala democratización da sociedade.

Primeira.- Finalidade e obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas ou actividades culturais e deportivas, conforme ao procedemento que a continuación se establece.

A os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais e deportivas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e deportiva e á difusión e animación sociocultural que contribúa ao espallamento e promoción da cultura e o deporte, serán subvencionables exclusivamente aqueles gastos nos que incorra o beneficiario no desenvolvemento das actividades.

Non son subvencionables:

- Os gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares, nin a adquisición de elementos decorativos ou ornamentais ou a compra de teléfonos móbiles.
- Os costes de renovación e reforma de locais, actividades con fines de lucro ou calquera outro non relacionado co proxecto presentado.
- A organización de comidas e festas patronais.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será entre el **1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de outubro de 2026**, as facturas xustificativas teñen que estar comprendidas nese intervalo.

Segunda.- Beneficiarios.

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Begonte.
- Desenvolvelas súas actividades no ámbito do concello de Begonte





- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas obrigas tributarias co concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e das obrigas fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Terceira.- Contía.

O Concello de Begonte destinará unha cantidade máxima de 15.000,00 € con cargo á aplicación presupostaria 334.480 do exercicio 2026, e dentro do crédito global destinado a Transferencias Correntes a Familias e Institucións sen fins de lucro.

As entidades só poderán solicitar unha subvención. Si unha asociación e Cultural, veciñal (rexistrada nun rexistro público de asociacións) e deportiva (rexistrada nun rexistro público de entidades deportivas) poderá optar por unha subvención ou outra, tendo en conta que en ningún caso supere os 1.000,00 €, para as asociacións veciñais e culturais e 600,00 € para as deportivas.

A subvención concedida poderá financiar ata o 100% do orzamento de gastos presentados tendo en conta os límites anteriores.

No caso en que as solicitudes admitidas excedan o crédito dispoñible, este ratearase entre todas elas.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Cuarta.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos (artículo 14.2 Lei 39/2015) a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Begonte, <http://begonte.sedelectronica.es/info.0>. Para a presentación das solicitudes e necesario identificarse con calquera dos mecanismos de identificación electrónica xa sexa [certificado dixital de persoa xurídica](#) (recomendable), [certificado de persoa física](#), [DNI electrónico](#), ou [clave concertada](#), admitidos pola sede electrónica do Concello.
2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.
3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que



presenten. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

4. As asociacións rexistradas no Concello de Begonte, que desexen acollerse a esta convocatoria deberán presentar a correspondente solicitude, no prazo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Á solicitude xuntarase a documentación que a continuación se relaciona:

- **ANEXO I** Solicitude no modelo normalizado que se xunta, asinado electronicamente, que contén:
 - Declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Facenda Estatal e ó concello de Begonte, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e das obrigas fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, para a mesma finalidade.
 - Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración da certeza dos datos consignados relativos a conta bancaria indicada.
- **ANEXO II** Memoria na que se detallen as actividades polas que se solicita a axuda así como un orzamento detallado de gastos e o importe da axuda solicitada, asinado electronicamente.
- **ANEXO III** Certificado do acordo do órgano competente polo que se aproba participar nesta convocatoria e se designa persoa representante, asinado electronicamente.

O concello de Begonte xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local, así como comprobar que están inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Quinta.- Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada foi incompleta ou presentou erros emendables, segundo o disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: “*se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días (art.30 computo de prazos), emende a falta ou acompañe*”



os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21”.

Sexta.- Procedemento de concesión.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Alcaldía, a proposta motivada da Comisión avaliadora.

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde- Presidente do Concello ou persoa en que delegue.
- Vogais:
 - Concelleiro/a de Educación, Cultura e Deportes, ou persoa en que delegue.
- Secretario: O da Corporación ou persoa en quen delegue.

Sétima.- Resolución, notificación.

A comisión avaliadora estudará e valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución motivando os criterios de reparto, e o Alcalde ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e o importe do proxecto subvencionado.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica dispoñible a través da sede electrónica do Concello de Begonte (<http://begonte.sedelectronica.es/info.0>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Esta resolución esgota a vía administrativa. Contra estas resolucións poderá interperse recurso potestativo de reposición ou ben recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao de notificación da resolución, a tenor do disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Oitava.- Xustificación da subvención.

1. Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar o importe total concedido, na data límite do 16 novembro de 2026, mediante a presentación por medios electrónicos e no expediente asignado para este trámite na sede electrónica (consultar na Carpeta Electrónica e en esta Ver os Ficheiros) e de



acordo o sinalado no artigo 4º destas bases, orixinal ou copias da documentación que a seguir se indica:

- **ANEXO IV**, asinado electronicamente, que contén a Declaración en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade e de que foi cumprida a finalidade para a que se otorgou a subvención, que non está incurso/a prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención e que tódolos datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 - **ANEXO V** Memoria explicativa do obxecto da axuda que pode incluír documentación gráfica, asinado electronicamente.
 - Facturas orixinais ou copia autenticada das mesmas.
 - Certificacións emitidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de ter iniciada a actividade (si o concello dispón neses datos do acceso a consulta automática, solicitará a autorización da asociación para realizala, a través do documento normalizado ou do **ANEXO IV**).
 - Certificado de conta bancaria.
2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención, senón coincide coa finalidade da mesma, requirirase a presentación dunha memoria que xustifique o cambio e no caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.
3. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Novena.- Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do concello antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do obxecto da subvención.
2. Non poderá realizarse o pagamento das axudas en canto o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, ou sexa debedor por resolución da procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





3. A posteriori do abono da cantidade xustificada a entidade beneficiaria deberá remitir nun prazo improrrogable de 15 días hábiles desde o seguinte, mediante a presentación por medios electrónicos e no expediente asignado para este trámite na sede electrónica o documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas mediante transferencia bancaria, debidamente identificada. Non se admitirán pagamentos en efectivo, mediante cheque bancario nin tarxeta de crédito ou débito,

Décima.- Disposicións finais.-

1. En todo o non disposto na presente convocatoria haberá que aterse ó disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009 e demais normativa que lle sexa de aplicación.
2. Proceder así mesmo á súa convocatoria mediante a comunicación á [Base de Datos Nacional de Subvencións \(BDNS\)](#) o texto da convocatoria, esta dará traslado o Boletín Oficial de Lugo dun extracto, publicación no Taboleiro de Anuncios nas oficinas municipais, na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade/14> e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/info.1>, a efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

O Alcalde- Presidente: José Ulla Rocha

Begonte, 13 de abril 2026





ANEXO I

PROCEDEMENTO: SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS CULTURAIS, DEPORTIVAS E VECIÑAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES		DOCUMENTO SOLICITUDE	
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
Razón social		CIF	
Enderezo		Concello	Provincia
			Código postal
Teléfono	Correo electrónico		
E, NA SUA REPRESENTACION (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input checked="" type="radio"/> Persoa representante			
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos.			
Só se poderá acceder a notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico facilitado a seguir: CORREO ELECTRÓNICO			
DATOS BANCARIOS			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
Titular da Conta		Número de conta	
	IBAN		
DESCRIPCIÓN BREVE DA ACTUACIÓN PARA A QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN			
DENOMINACIÓN DO PROXECTO			
ORZAMENTO		IMPORTE SOLICITADO	
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA			
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:			
<input checked="" type="radio"/> NON solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, para a mesma finalidade.			
<input type="radio"/> SI solicitou e/ou recibiu subvencións para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, e ás relaciono a continuación:			
ORGANISMOS	ANO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE
(1) No caso de estar pendente da resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes concedidas, indicárase CONCEDIDA			
2. Que está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda da Xunta de Galicia			
3. Non está incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención			





establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Que a entidade solicitante acepta as bases da convocatoria.
5. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (ticar sobre os recadros si se entrega)

Memoria do programa de actividades (ANEXO II)

Certificado do acordo do órgano competente polo que se aproba participar nesta convocatoria e se designa persoa representante. (ANEXO III)

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

, a de de



**ANEXO II
MEMORIA E ORZAMENTO**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO		
DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS		
OBXETIVOS QUE SE PERSEGUE		
COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE		
NÚMERO DE BENEFICIARIOS		
CALENDARIO /DURACIÓN DO PROXECTO		
ORZAMENTO DETALLADO		
CONCEPTO	IMPORTE	
	SUMA TOTAL	
Sinatura da persoa solicitante ou representante		
Lugar e data		
<div style="border-bottom: 1px solid black; width: 100%;"></div> , a <div style="border-bottom: 1px solid black; width: 10%;"></div> de <div style="border-bottom: 1px solid black; width: 15%;"></div> de <div style="border-bottom: 1px solid black; width: 15%;"></div>		





ANEXO III
CERTIFICADO DO ACORDO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CARGO			
CERTIFICA,			
Que esta entidade, mediante <input type="text"/> (acordo, resolución/outra) do/da <input type="text"/> (presidencia/xunta directiva/Outros) de data <input type="text"/> , acordou solicitar subvención ao abeiro das Bases Reguladoras para a concesión de subvencións a Asociacións Culturais, Deportivas e Veciñais para a realización de actividades e convocatoria para o ano <input type="text"/> , para o proxecto denominado: <input type="text"/>			
Cun orzamento total de <input type="text"/> (IVE, incluído), e designou como persoa representante a <input type="text"/> en calidade de <input type="text"/> (presidente/a, secretario/a, outros).			
Sinatura da persoa que certifica			
Lugar e data			
<input type="text"/> , a <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			





ANEXO IV - XUSTIFICACIÓN
DECLARACIÓN XURADA

D./D^{ña}. con DNI en calidade de
representante da asociación /entidade
e con CIF nº

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

1. Marcar a opción que corresponda:

- NON solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, para a mesma finalidade.
- Si solicitou e/ou recibiu subvencións para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, e ás relaciono a continuación:

ORGANISMO ENTIDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)

(1) No caso de estar pendente da resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes concedidas, indicárase CONCEDIDA

- 2. Que está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- 3. Non está incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

....., a de de



**ANEXO V - XUSTIFICACIÓN
MEMORIA E GASTOS REALIZADOS**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO REALIZADO		
DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS		
OBXETIVOS CONSEGUIDOS		
COLECTIVO AO QUE SE DIRIXIU		
NÚMERO DE BENEFICIARIOS		
CALENDARIO /DURACIÓN DO PROXECTO		
GASTOS REALIZADOS		
CONCEPTO	IMPORTE	
	SUMA TOTAL	
Sinatura da persoa solicitante ou representante		
Lugar e data		
....., a de de		

